



Concello de Miño

Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ANUNCIO

Anuncio de apertura de prazo para presentar solicitudes de uso dos espazos de traballo no Coworking Casa do Pescador do Concello de Miño

Dende o vindeiro luns, día 4 de marzo pódense presentar as solicitudes de uso dos espazos de traballo no Coworking Casa do Pescador do Concello de Miño.

As persoas interesadas deberán presentar o correspondente impreso de solicitude e demais documentación establecida para a súa valoración a través da sede electrónica do Concello de Miño.

A *Ordenanza municipal reguladora das instrucións de acceso ao espazo de traballo Coworking Casa do Pescador do Concello de Miño* publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 182, de 22 de setembro de 2023 e estará disponible tamén na páxina web do concello (www.concellodemino.gal).

Para máis información poden acudir á axente de emprego e desenvolvemento local ou enviar un correo electrónico ao seguinte enderezo: promocioneconomica.emplo@concellodemino.gal

Miño, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Asdo.: Manuel Vázquez Faraldo